



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA
Agra de Baño 21, MUROS – 15259
Tlf.: 881 867 110
ies.fontexeria@edu.xunta.es



HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

ACTIVIDADES

UNIDADE 10

NOME	APELIDOS	CURSO
ENRIQUE	RÍOMAYOR CARMAÑO	

PARTE 2 DA UNIDADE 10. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

Actividades de reforzo

1. Consulta os apuntamentos e realiza **no teu caderno** as seguintes actividades:

- Explica dúas causas políticas e militares da Primeira Guerra Mundial:

Conflictos entre as potencias coloniais en África e Asia
Ascenso ao rango de potencias mundiais de dous países
extraeuropeos: Estados Unidos e Xapón ✓

- Indica catro países que compoñían o bando dos aliados e catro países que compoñían o bando dos Imperios centrais que se enfrontaron na Primeira Guerra Mundial:

Aliados: Francia, Reino Unido, Rusia e Serbia

Imperios Centrais: Alemaña, Austria-Hungría, Imperio Turco-otomán e Bulgaria

- Explica dous detalles característicos de fase da guerra de posicións da Primeira Guerra Mundial:

= Escavación de trincheiras e mantemento das posicións por parte dos exercitos ante a imposibilidade de romper as liñas inimigas.
- Entrada (na guerra) de Italia na guerra contra Alemaña e Austria, despois do cambio de alianzas, a cambio de promesas territoriais ✓

- Explica dúas características xerais da Primeira Guerra Mundial:

- Éxodo de millóns de persoas e gran cantidade de persoas refuxiadas
- Incorporación da muller a postos de traballo antes considerados exclusivos dos homes, ✓

- Explica dúas consecuencias demográficas da Primeira Guerra Mundial:

- Forte descenso da natalidade
- Aprox. 9 millóns de persoas mortas, 20 millóns de persoas feridas e un elevado número de persoas mutiladas. ✓

- Explica dúas consecuencias sociais da Primeira Guerra Mundial:

- Implantación paulatina do sufraxio universal masculino e despois do feminino.
- Progresiva emancipación da muller, debido principalmente á valía que demostrou a substituír aos homes nos postos de traballo.

- Explica dúas debilidades que demostrou ter a Sociedade de Nacións:

- *negativase e entrou na organización de Entenda Unida...*
- *falta de medios económicos e militares...*

2. Atendendo aos contidos do tema que aparecen nos aputamentos e aos teus coñecementos previos, realiza unha breve REDACCIÓN, DE ENTRE 10 E 20 LIÑAS DE EXTENSIÓN, E ESTRUCTURADO EN CATRO PARÁGRAFOS, no que realices unha reflexión sobre cada unha das cuestións que se citan a continuación.

Redacción 1. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL (extensión de entre 10 e 20 liñas)

Cada un dos 4 parágrafos debe comezar da seguinte maneira:

- o PRIMEIRO PARÁGRAFO: "A Primeira Guerra Mundial foi un conflito armado que tivo lugar entre 1914 e 1918 e que tivo entre as súas causas políticas e militares ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CAUSAS POLÍTICAS E MILITARES DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Primeiro parágrafo

A primeira Guerra Mundial foi un conflito armado que tivo lugar entre 1914 e 1918 e que tivo entre as súas causas políticas e militares a formación de dous bloques antagónicos, a Triple Alianza (Alemania, Austria e Hungría e Italia) e a Triple Entente (Francia, Rusia e Gran Bretaña) e os conflitos entre as potencias coloniais en África e Asia. ✓

- SEGUNDO PARÁGRAFO: "Na Primeira Guerra Mundial formáronse dous bandos que se enfrontaron que se denominaban... e que estaban formados cada un deles por ..." (CITAR E EXPLICAR OS BANDOS ENFRONTADOS NA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Segundo parágrafo

Na Primeira Guerra Mundial formáronse dous bandos que se enfrontaron que se denominaban aliados e imperios centrais e que estaban formados cada un deles por Países. O bando dos aliados estaba composto por países europeos, ^{como...} Xapón e EE.UU., e o dos imperios centrais estaba composto por países centrais europeos.

↳ como por exemplo

- TERCEIRO PARÁGRAFO: "A Primeira Guerra Mundial tivo importantes consecuencias económicas, entre as que destacaría ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CONSECUCENCIAS ECONÓMICAS DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Terceiro parágrafo

A primeira Guerra Mundial tivo importantes consecuencias económicas, entre as que destacaría a perda do dominio económico mundial por parte de Europa e o endebedamento dos países belixerantes para afrontar os gastos da guerra ✓

- CUARTO PARÁGRAFO: "Finalmente, a Primeira Guerra Mundial tamén tivo importantes consecuencias políticas, como por exemplo ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CONSECUCENCIAS POLÍTICAS DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Cuarto parágrafo

Finalmente, a Primeira Guerra Mundial tamén tivo importantes consecuencias políticas, como por exemplo a conversión de EE.UU. e Xapón en grandes potencias mundiais e o desmembramento dos grandes imperios como o imperio Austro-Húngaro, o imperio Ruso e o imperio Turco

→ moi ben